

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CÁSTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES A FAVOR DOS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS E A RIQUEZA PISCÍCOLA EN GALICIA PARA O ANO 2022

1. Esta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano competente da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de pesca continental.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, conforme ao disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuída a competencia en materia de pesca continental, de acordo coa regulación recollida na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

Esta competencia ven recoñecida á Comunidade autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía (art. 27.15) aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

2. Antecedentes. A Federación Galega de Pesca e Cásting foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, e a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

De acordo co establecido nos seus estatutos (aprobados mediante asemblea xeral extraordinaria do 03/02/2013), a Federación Galega de Pesca e Cásting é a única entidade competente, dentro da Comunidade autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar, cualificar e controlar as competicións deportivas de pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades, en todas as súas modalidades e representa, na Comunidade autónoma de Galicia, á Federación Española de Pesca e Cásting na que se integra gozando do carácter de utilidade pública, de conformidade coa Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte e coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e comportará os efectos establecidos nas mesmas.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fóra do territorio español.



3. Finalidade. Para os efectos sinalados, formalizouse coa Federación Galega de Pesca e Cásting o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

4. É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Federación Galega de Pesca e Cásting a través da organización e celebración de competicións deportivas oficiais de pesca continental, actuacións de formación e a posta en marcha de "escolas de río" da nova Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, na Comunidade autónoma de Galicia.

5. O instrumento convencional que se asina fundaméntase no seguinte:

O artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, que ten como obxecto regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental das especies pescables relacionadas no seu anexo II.

De conformidade co disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, compételle á esta consellería o desenvolvemento e a aplicación da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

Na necesidade de ordenar a actividade da pesca continental e de dimensionala de xeito adecuado para posibilitar a súa xestión, plantexan a necesidade de acadar uns obxectivos para orientar a ordenación legal da pesca, avogándose por actuacións de promoción e divulgación do exercicio dunha pesca máis responsable, máis sustentable e máis ética.

Por todo o anterior, a Consellería pretende acordar a realización de actuacións concretas de promoción e divulgación como medida de fomento da actividade da pesca fluvial.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aportará dentro do exercicio 2022, unha contía máxima de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 08.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

6. Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.



7. Para a tramitación deste convenio tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén María do Campo Piñeiro

